



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente dimitinadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO**:

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** xoves 30 de abril de 2020

**Hora:** 17:00

**Lugar:** Telemática. Aplicación ZOOM

**Motivación:** Apreciación do establecido no Artigo 46.3 da LBRL introducido pola disposición final segunda do R.D.L 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-10 (cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes atópanse en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso)  
coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:
  - I. Acta da sesión celebrada o 19 de febreiro de 2020.
  - II. Acta da sesión celebrada o 28 de febrero de 2020.
  - III. Acata da sesión celebrada o 9 de marzo de 2020.



## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2020.
3. Convalidación (conforme establece o artigo 20 do RD 8/2020) da Resolución da Alcaldía Nº 230/2020 de 13 de abril, relativa ao Suplemento de Crédito 1/2020 (Gasto Social Covid 19).

## DA COMISIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

4. Proposta da alcaldía relativa ao POS+2020.

## DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

5. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do contrato de xestión interesada do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee: Modificación de tarifas (Cláusula 15 PCAP).
6. Proposta da alcaldía relativa a compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 1 (Cláusula 16 PCAP).

## B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: Nº 126/2020 do 21 de febreiro á Nº 250/2020 de 23 de abril.
8. Dar conta do período medio de pago 1º Trimestre do 2020.
9. Dar conta do Informe Morosidade 1º Trimestre do 2020.
10. Dar conta do Seguimento Plan Económico Financeiro.
11. Rogos e preguntas.

## SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado e que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, luns 27 de abril de 2020

A secretaria, Rocío Hermida Cancela